

Cada declaración formulada para alteración na contribución territorial, que se refira a unha soa finca: 1,96 euros.

Por cada finca de exceso: 0,96 euros.

Por cada visto e prace do Sr. Alcalde en documentos a instancia de parte: 19,19 euros.

Nos mandamentos de aboamentos, satisfeitos pola Tesourería, reintegrarásese:

De 1 a 60 euros (EXENTOS)

De 60 a 600 euros: 2,67 euros.

De 600 en adiante: o 1,033%.

Polo sinalamento de alineacións e rasantes cando o traballo sexa independente do que corresponda polas licencias de obras: 27,72 euros.

Por cada informe emitido polos técnicos municipais: 11,72 euros.

Por cada copia dos planos do proxecto de delimitación do solo ou planos de ordenacións vixentes: 7,68 euros.

Pola tramitación de expedientes de declaración de ruina a instancia da parte interesada: 19,19 euros.

Pola compulsa de cada documento: 2,13 euros.

12.—Modificación da ordenanza na taxa por licenzas de auto taxi e demais vehículos de aluguer.

Módifícase a ordenanza nº2, quedando polo tanto do seguinte xeito:

A/ Concesión e expedición de licencias: 694,36€.

B/ Autorización para transmisión de licencias cando proceda seu outorgamento, con arreglo a vixente lexislación: 925,83€.

C/ Autorización para substitución de vehículos afectados as licencias, ben sexa o cambio de tipo voluntario ou por imposición legal: 23,13€.

D/ Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte: 23,13€.

13.—Modificación da ordenanza na taxa por apertura de gabias, prospeccións ou galas en terreos de uso público local e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública.

Modifícase o artigo 6º “ cota tributaria”, quedando polo tanto do seguinte xeito:

Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización, ou adxudicación.

No resto de casos, a cota tributaria será a resultante de aplicar a seguinte tarifa:

Por m2 ou fracción, e cada quince días ou fracción: 1,40 euros.

14.—Modificación da ordenanza na taxa por ocupación de terreos de dominio público local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos.

Modifícase artigo 6º “ cota tributaria “, quedando polo tanto do seguinte xeito:

Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización, ou adxudicación.

No resto de casos, a cota tributaria será a resultante de aplicar a tarifa correspondente:

2.1 Por ano; por cada m2 de terreo de uso público delimitado con mesas, cadeiras, tribunas, taboados, paraso-

les, tarros de plantas e outros elementos análogos. O ano: 33,70 €.

2.2 Por mes; por cada m2 de uso público delimitado cos mesmos elementos. O mes ou fracción: 2,81 €.

A cota para mes aplicarase proporcionalmente aos días extraordinarios solicitados de conformidade no disposto no artigo 8 e 9 desta ordenanza.

En caso de existiren toldos ou parasoles de protección que delimiten unha superficie superior á delimitada polas mesas e cadeiras, tomarase aquela base de cálculo.

15.—Modificación da ordenanza na taxa por obtención de copias e fotocopias.

Modifícase o artigo 5; quedando polo tanto da seguinte xeito:

ARTIGO 5.

As tarifas que corresponde satisfacer polos servizos regulados en esta ordenanza, serán as seguintes:

- 1 Por la obtención de copias, por fotocopia:
- 2 Tamaño DIN A-4 0,06€
- 3 Tamaño DIN A-3 y outros tamaños no especificados. 0,10€.

Por la obtención de copia de planos de la oficina técnica:

- Tamaño DIN A-4 0,06€.
- Tamaño DIN A-3 0,17€
- Tamaño DIN A-2 0,98€
- Tamaño DIN A-1 1,65€

16.—Modificación da ordenanza na taxa por utilización de locais municipais para a celebración de vodas civís.

Modifícase o artigo 6, quedando polo tanto do seguinte xeito:

ARTIGO 6: COTA TRIBUTARIA.

Corresponderá aboar pola utilización dos locais municipais para a celebración das vodas:

- Por matrimonios civís celebrados nas dependencias do concello: 61,98€.

- Por matrimonios civís celebrados no Castelo: 92,97€

Ponteareas, 22 de novembro de 2005.—O Alcalde, Salvador González Solla. **2005010826**

* * *

SOUTOMAIOR

A N U N C I O

Publicado Edicto no Boletín Oficial da Provincia núm.199 de data 17 de Outubro de 2005 durante o prazo de trinta días hábiles e non téndose presentado reclamacións de conformidade cós acordos plenarios de data 29 de Setembro de 2005, en relación co artigo 17.3 da Lei 39/1998, queda definitivamente aprobada a tarifa do prezo privado do servizo de velatorio e que máis abaixo se detalla así como a modificación das seguintes: